A Fundación SGAE e a Fundación Sitges, en apoio aos contidos de xénero fantástico no ámbito audiovisual creados por mulleres, e para impulsaren marcos promocionais que potencien o recoñecemento da calidade do traballo das autoras deste sector, convocan o



II PREMIO

Josefina Molina

DE GUIÓN
DE LONGAMETRAXE FANTÁSTICA
DE AUTORÍA FEMININA

O premio foi bautizado con este nome en honor da cineasta Josefina Molina, pioneira do cinema fantástico feminino na nosa cultura co seu filme Vera, un cuento cruel *(1973).*

BASES

01 Poderán presentarse a este certame **todas as autoras socias da SGAE, con afiliación en exclusividade, de calquera nacionalidade**. Nos casos de coautoría, todas as coautoras deberán ser socias da SGAE en exclusividade, sen excepción. Só se admitirán obras en coautoría cando todos os coautores sexan mulleres. Quedan excluídos desta convocatoria os membros da Xunta Directiva da SGAE e da Comisión de Supervisión da SGAE e os membros do Patronato da Fundación SGAE.

02 Os guións presentados, **de temática fantástica na súa amplitude de xéneros** (terror, ciencia ficción, fantasía pura...), deben estar **escritos en calquera das linguas oficiais do Estado español** e deberán ser totalmente orixinais, inéditos e para longametraxes de ficción; non se aceptará ningunha clase de adaptación de obras da mesma autora ou doutras autoras. A obra presentada non pode terse rodado, nin atoparse comprometida con empresa audiovisual ningunha para tal fin, desde o momento da súa presentación ao certame e ata a resolución do xurado. Igualmente, queda excluído deste certame todo guión que fose premiado nalgún outro concurso con anterioridade á súa presentación ao II Premio Josefina Molina de Guión de Longametraxe Fantástica de Autoría Feminina ou durante o período comprendido entre a súa presentación ao premio e a resolución deste.

03 Non se admitirán sinopses, tratamentos nin guións inacabados. Os orixinais deberán ser presentados nalgún dos formatos convencionais que se empregan na profesión cinematográfica, e cunha extensión probable de metraxe adecuada ás filmacións habituais en España. Aquelas obras que carezan dunha presentación profesionalmente aceptable poderán ser descualificadas ao xuízo do xurado.

04 As concursantes presentaranse ao certame **a través do correo electrónico**, anexando á mensaxe arquivos coa obra e a documentación pertinente. Co fin de preservar o anonimato das autoras, o documento do texto da obra será presentado unicamente con indicación do título, que neste caso actuará como lema, e en ningunha parte do texto poderá figurar unha referencia á identidade da(s) autora(s).

A documentación que debe presentarse para concursar constará dos seguintes arquivos (en formato PDF):

- Arquivo co texto da obra para o concurso, sen identificación ningunha da autoría. No caso de a obra presentada ao concurso estar nalgunha das linguas oficiais do Estado español que non sexa o castelán, **a(s) autora(s) poderá(n) incluír unha tradución ao castelán** para que poida ser utilizada por aqueles membros do xurado que non estean familiarizados coa lingua orixinal da obra. Se a(s) autora(s) non inclúe(n) a dita tradución ao castelán, a organización quedará autorizada a realizar a citada tradución para os únicos efectos de esta lles servir de instrumento de traballo aos membros do xurado. As devanditas traducións serán destruídas á finalización da resolución do premio.

- Arquivo que actúa como plica, denominado «Plica – [título da obra]», no cal deben incluírse dixitalizados os seguintes documentos: certificado de inscrición (provisional ou definitivo) do guión nun rexistro da propiedade intelectual; DNI ou pasaporte da concursante ou concursantes; ficha de inscrición anexa a estas bases cuberta; e breve currículum vítae da concursante ou concursantes.

A ausencia de calquera destes documentos suporá a descualificación da(s) concursante(s).

05 Toda a documentación requirida deberá remitirse por correo electrónico a iarmada@fundacionsgae.org **desde o 2 de xuño de 2026 ata as 12:00 h do 6 de xullo de 2026** (ambos inclusive), baixo o enunciado que segue no asunto do correo: «II Premio Josefina Molina de Guión de Longametraxe Fantástica de Autoría Feminina – Obra para concurso».

06 O xurado do premio (designado pola Fundación SGAE e a Fundación Sitges) estará integrado por autoras e profesionais do medio cinematográfico. A organización procurará, na medida do posible, que no xurado haxa profesionais que falen as linguas oficiais do Estado español que non sexan o castelán. **A resolución definitiva do xurado** do premio comunicarase nun acto público durante a realización **do LIX Festival Internacional de Cinema Fantástico de Cataluña**, que terá lugar na cidade de Sitges (Barcelona) do 8 ao 18 de outubro de 2026.

07 O premio non pode ser declarado deserto e a decisión do xurado será inapelable. No suposto de existir empate de votos entre os membros do xurado, a presidenta poderá facer uso do seu voto de calidade.

08 Este certame conta cun **premio único dotado con dez mil euros (10 000 €), impostos incluídos**. No caso de a obra gañadora ser da autoría de varias autoras, o citado importe será repartido entre as coautoras a partes iguais. Estas contías serán sometidas á tributación que marque a lexislación vixente.

09 A autora ou autoras premiadas comprométense a que na sinatura de contratos de cesión posteriores á concesión do premio conste explicitamente que, nas copias da longametraxe por realizar, en soporte tanto cinematográfico como videográfico, ou en calquera outro tipo de soporte ou material promocional deste, han figurar a mención **«II Premio Josefina Molina de Guión de Longametraxe Fantástica de Autoría Feminina»** e os logotipos da Fundación SGAE e a Fundación Sitges.

10 Os arquivos das obras non seleccionadas como finalistas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado. Non se manterá correspondencia ningunha sobre eles.

11 As participantes, polo feito de concorreren a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do xurado.

12 As participantes eximen a Fundación SGAE e a Fundación Sitges de calquera responsabilidade derivada dun plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer algunha das participantes.

13 En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital ou de Barcelona capital.

ENVÍO DE MATERIAIS
iarmada@fundacionsgae.org

INFORMACIÓN
As interesadas poderán efectuar consultas ou ampliar
a súa información sobre estas bases nos seguintes enderezos:
informacion@fundacionsgae.org
iarmada@fundacionsgae.org

Tel. 91 503 68 00

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

sgae audiovisual

fundación sgae

SITGES
FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA FANTÀSTIC DE CATALUNYA

PREMIO

Josefina Molina

DE GUIÓN
DE LONGAMETRAXE FANTÁSTICA
DE AUTORÍA FEMININA A

FICHA DE INSCRICIÓN

Nome(s) .....
Apelidos .....
Nº de socia da SGAE .....
Título .....
Domicilio .....
Código postal .....
Localidade .....
Provincia / País .....
Teléfono(s) .....
Correo electrónico .....

A(s) autora(s) que presenta(n) esta solicitude de inscrición para participar no II Premio Josefina Molina de Guión de Longametraxe Fantástica de Autoría Feminina

MANIFESTA(N):

1.- Que voluntariamente presenta(n) a(s) súa(s) solicitude(s) para participar no II Premio Josefina Molina de Guión de Longametraxe Fantástica de Autoría Feminina.

2.- Que leu (leron) e coñece(n) as bases da dita convocatoria e asume(n) o seu contido. Para estes efectos achega(n) o(s) seu(s) currículo(s) e o(s) seu(s) documento(s) de identidade.

3.- Que sabe(n) que para a xestión da súa participación nesta convocatoria do II Premio Josefina Molina de Guión de Longametraxe Fantástica de Autoría Feminina se requirirá o tratamento dos seus datos de carácter persoal pola Fundación SGAE para realizar todas as xestións de carácter administrativo precisas para a súa participación no concurso e para a selección da(s) gañadora(s) polo xurado.

Por todo o exposto, **CONSENTE(N) EXPRESAMENTE**:

Que a FUNDACIÓN SGAE trate os seus datos de carácter persoal, que constan neste escrito e no(s) currículo(s) que achega(n) coa solicitude de participación na convocatoria do II Premio Josefina Molina de Guión de Longametraxe Fantástica de Autoría Feminina, para realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación no concurso e para a selección da(s) gañadora(s) polo xurado.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais, así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e nas disposicións complementarias, sabe(n) que pode(n) exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e a non ser(en) obxecto de decisións individuais de forma automatizada ante a FUNDACIÓN SGAE dirixindo un escrito aos Servizos Xurídicos da Fundación SGAE ao domicilio social da entidade, na C/ Bárbara de Braganza, 7, 28004, Madrid (España), indicando o(s) seu(s) nome(s), apelidos, DNI, domicilio, dereito exercitado e as razóns deste.

Sinatura da(s) solicitante(s)

Dª ..... Dª .....